



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego

R.P. núm. 2023/4848 de 8/02/2023, de aprobación das bases reguladoras do programa de subvencións F0028B/2023

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO

ANUNCIO

Mediante R.P nº 2023/4848 de 8/02/2023, aprobáronse as bases reguladoras do programa de subvencións dirixido ás entidades asociativas agrarias, labregas, gandeiras, forestais e asociacións de cazadores da provincia da Coruña para investimentos durante o exercicio 2023, que se transcriben de seguido:

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DISPÓN AVOCAR A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDO ÁS ENTIDADES ASOCIATIVAS AGRARIAS, LABREGAS, GANDEIRAS, FORESTAIS E ASOCIACIÓNS DE CAZADORES DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2023 E APROBACIÓN DAS DITAS BASES.

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 24474, de 16 de xullo de 2019, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: “A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao Presidente”.

Tendo en conta a data da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras en réxime de concorrencia competitiva, do programa de subvencións a entidades asociativas agrarias, labregas, gandeiras, forestais e asociacións de cazadores da provincia da Coruña para investimentos durante o ano 2023, e para que as entidades poidan comenzar coa realización das inversións incluídas no obxecto da convocatoria.

Vistos os informes do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia que con carácter xeral foi delegada por esta Presidencia mediante Resolución nº 24474 de 16.07.2019 na Xunta de Goberno, coma excepción, e considerando a urxencia na aprobación das Bases reguladoras do programa de subvencións a entidades asociativas agrarias, labregas, gandeiras, forestais e asociacións de cazadores da provincia da Coruña para investimentos durante o ano 2023.

Segundo.- Aprobar ás bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva do “programa de subvencións dirixido ás entidades asociativas agrarias, labregas, gandeiras, forestais e asociacións de cazadores da provincia da Coruña para investimentos durante o exercicio 2023”, que se transcriben de seguido:

BASES DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDO ÁS ENTIDADES ASOCIATIVAS AGRARIAS, LABREGAS, GANDEIRAS, FORESTAIS E ASOCIACIÓNS DE CAZADORES DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS DURANTE O ANO 2023

Datos do programa

| | |
|---|--|
| Unidade xestora | Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego |
| Sección | Sección de Promoción Económica e Emprego |
| Anualidade | 2023 |
| Denominación | PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDO ÁS ENTIDADES ASOCIATIVAS AGRARIAS, LABREGAS, GANDEIRAS, FORESTAIS E ASOCIACIÓNS DE CAZADORES DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS DURANTE O ANO 2023 |
| Beneficiarios | Entidades da provincia sen ánimo de lucro |
| Programa | F0028B |
| Aplicación orzamentaria | 0510/414.1/781 |
| Importe da convocatoria | 118.000,00€ |
| Importe da orzamento de gastos | Mínimo: 5.000,00€ Máximo: 30.000,00€ |
| Importe da subvención que se vai conceder | Mínimo: 1.000,00€ Máximo: 24.000,00€ |
| Importe solicitado | Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionables. |
| Coeficiente de financiamento | Variable entre 0,20 e 0,80 |

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

1.- BASES XERAIS

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación nº 48073 do 16 de novembro de 2022 ([BOP núm. 224,venres, 25 de novembro de 2022](#)).

2.-BASES ESPECÍFICAS

Base 1.- Obxectivos e réxime xurídico específico

1.1.-Obxectivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades privadas da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

No ano 2023, no contexto dunha realidade social, económica e cultural derivada da situación de desaceleración da economía mundial, como consecuencia de múltiples crises ás que se enfrenta (transición enerxética dirixida a eliminación dos combustibles fósiles, as forzas do cambio climático...os conflitos en solo europeo.. as ameazas derivadas das novas variantes do COVID 19,..etc), a área de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación da Coruña renova a súa aposta polo apoio ao sector Económico, agrario, gandeiro e forestal en todas as súas dimensións, e moi especialmente naquelas máis directamente vinculadas á creación de emprego e mantemento de estruturas profesionais, creativas e a loita contra os incendios forestais.

1.2.- Réxime xurídico específico

Lei 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación

Base 2.- Obxecto**2.1.-Obxecto**

O obxecto da presente convocatoria destinaranse á apoiar ás entidades asociativas, federacións e agrupacións de entidades asociativas agrarias, labregas, gandeiras, forestais e ás asociación, federacións e agrupación de asociación de cazadores, en proxectos, que sexan investimento destinados á recuperación e valoración dos recursos agrarios endóxeos de carácter agrícola, gandeiro e forestal que teñan como obxecto:

- A valorización e comercialización das producións agrarias, gandeiras e forestais.
- Os proxectos relacionados coa multifuncionalidade do monte enfocados á prevención dos incendios.
- Sinalización TECOR SOCIETARIO.
- O fomento do uso das novas tecnoloxías, das enerxías renovable e do aforro enerxético.
- Accións tendentes á mellora da calidade xenética.

Mais concretamente, as axudas poderanse referir, entre outras, as seguintes materias:

Infraestruturas materiais e equipamentos técnicos (peches, adondicionamento de locais, repoboación forestal, sinalización TECOR, entutorados, adquisición técnica de maquinaria, isotermas, etc), axudas a investimentos (construcións, instalacións, novas tecnoloxías e enerxías renovable), adquisición de equipos informáticos, investimentos que supoñan aforro enerxético.

2.2.-Ámbito temporal

Os investimentos obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.

As entidades beneficiarias da subvención poderán solicitar a prórroga da súa xustificación previa petición razoada. A solicitude de prórroga poderá presentarse ata o 15 de decembro de 2023 ás 14:00 h.

Concedida a prórroga, na certificación de gastos realizados poderán incluírse gastos realizados con posterioridade ao 31 de decembro de 2023, con data límite do 15 de abril de 2024.

Base 3.- Gastos subvencionables

Gastos subvencionables no programa F0028B/2023:

| Conta | Descrición da conta |
|-------|---|
| 211 | Construcións |
| 213 | Maquinaria |
| 214 | Útiles |
| 217 | Equipos para procesos de información |
| 219 | Outro inmovilizado material (só para aqueles gastos expresamente previstos como subvencionables nestas bases e que non encaixen nos conceptos contables anteriores) |

3.1.- Gastos excluídos:

- Os gastos referidos a investimentos que non se correspondan cos obxectivos da convocatoria.
- As páxinas web.
- Os gastos financeiros.
- O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou de compensación pola entidade (art. 31.8 LXS).

Base 4.- Compatibilidades e exclusións

As subvencións deste programa son **compatibles con outras subvencións**, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, **procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.**

Non serán obxecto de subvención os investimentos xa subvencionados pola Deputación da Coruña no mesmo exercicio.

Non se poderá financiar o mesmo obxecto cunha subvención de concorrencia e outra nominativa, por seren incompatibles, neste caso a entidade beneficiaria tería, necesariamente, que renunciar a unha delas.

Base 5.- Entidades solicitantes

A presente convocatoria vai dirixida a entidades sen ánimo de lucro, con domicilio fiscal na provincia da Coruña, ou que acrediten que os investimentos obxecto da subvención se realizarán no ámbito territorial desta provincia e que cumpran os requisitos desta convocatoria e os requisitos establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude, tales como:

- **Asociacións agrarias, labregas, gandeiras, forestais.**
- **Comunidades de montes en man común e asociacións de cazadores.**
- **Asociacións, agrupacións de asociacións e federacións das anteriores entidades.**

No caso das asociacións, acreditaren un número mínimo de 25 socios/as ou partícipes na data de presentación.

Entidades excluídas:

- **Cooperativas agrarias, sociedades agrarias de transformación**
- Persoas ou entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Persoas ou entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

Base 6.- Compromisos e obrigas específicas

6.1- Período mínimo de adscrición do ben aos fins previstos: As entidades beneficiarias quedan obrigadas a destinar os bens aos fins concretos para a que foi concedida a subvención durante un período mínimo de cinco anos, no caso de inmoables, ou de dous anos, no caso de bens inventariables.

6.2- Licencias e autorizacións preceptivas: As entidades deberán de contar coas licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio artístico e do medio ambiente. No seu caso, as ditas licenzas e autorizacións serán requeridas na xustificación da subvención.

6.3- Difusión do apoio da Deputación: As entidades solicitantes procederán á inclusión do logotipo da Deputación nos soportes de difusión das actividades, OBRAS EN LOCAIS OU SOPORTES DE INVESTIMENTOS subvencionados facendo constar ao seu carón o texto: "Actividade/obra/investimento subvencionado pola Deputación da Coruña".

As entidades ostentarán, en lugar visible e na súa páxina web, a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.

As entidades solicitantes, na difusión das actividades subvencionadas en redes sociais, deberán incluír ou etiquetar nas súas entradas aos perfís da Área de Promoción Económica da Deputación: @DACPromoción no TWITTER e <https://www.facebook.com/dacpromocion/> no FACEBOOK.

Base 7.- Valoración das solicitudes e concesión

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva e será aprobada por resolución da presidencia, e segundo o procedemento **Concesión provisional/definitiva** previsto na Base 5 das xerais.

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas crearase unha comisión técnica, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria no ámbito de promoción da economía obxecto de esta convocatoria, que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar. Esta comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo cos baremos establecidos nesta convocatoria.

A entidade deberá completar todos os apartados das plantillas da Memoria, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes.

Non se terán en conta para o baremo -nin se fará requirimento sobre- aqueles aspectos non acreditados ou non informados debidamente pola entidade solicitante.

Poderase requirir a entidade para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

7.1.- CONCEPTOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

| | |
|---|---------------|
| Coeficiente de financiamento derivado da solicitude | Ata 35 puntos |
| Interese da proposta presentada: Valorarase por una comisión técnica, que será designada por resolución da presidencia, tendo en conta os seguintes aspectos: · A necesidade e contribución real do investimento presentado para o mellor desenvolvemento das actividades da entidade · A vida útil ou tempo de aproveitamento do investimento subvencionado . | Ata 25 puntos |
| A posibilidade de utilización do investimento por entidades distintas da solicitante da subvención | Ata 10 puntos |
| Número de beneficiados directa ou indirectamente polos investimentos | Ata 25 puntos |
| Emprego da lingua galega na súa realización | Ata 5 puntos |

Base 8.- Prazo de xustificación

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **1 de abril de 2024, ás 14:00 horas**.

Para as subvencións que teñan concedida unha **prórroga**, o prazo de xustificación rematará o día **16 de maio de 2024, ás 14:00 horas**.

Disposición adicional primeira

A presentación dunha solicitude supón a aceptación das correspondentes bases reguladoras.

Disposición adicional segunda

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementarias e xurídicas de aplicación.

3.-ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I.-Documentación da solicitude.

Documentación xeral

- Declaración de estar legalmente constituída antes de presentar a solicitude, de dispor de estatutos debidamente inscritos no rexistro público correspondente e adaptados á lexislación vixente.
- Certificación do acordo de solicitude e do nomeamento da persoa representante para a relación coa Deputación.
- Acreditación da delegación da Presidencia ou persoa en quen delegue na que se especifique o alcance desta delegación.
- Solicitude de autorización, se procede, en caso de que a persoa solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, (segundo o disposto no artigo 29.7, d, da Lei Xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta Lei aprobado por RD 887/20016, do 21 de xullo).
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores de idade, certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado.
- No caso de que a realización das actividades non implique o contacto habitual con menores de idade, deberán achegar unha certificación da entidade neste senso.
- No caso de asociacións, certificación do número de socios/as da entidade.
- Autorización á Deputación para obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesorería da Seguridade Social, cando proceda, nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.
- Declaración de non estar incurso en ningunha das **prohibicións** previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Declaración do emprego da lingua galega na presentación, desenvolvemento e difusión social do proxecto.

Documentación específica:

- Estatutos da entidade adaptados á lexislación vixente, nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente.

- Acreditación da propiedade ou alugueiro de local, no caso de obras.
- Declaración da disposición gratuíta do seu local a outras entidades, no caso de utilización do investimento por entidades distantas da solicitante.
- Memoria do investimento a subvencionar.
- Importe da subvención e orzamento.

Os documentos que se citan a continuación deberán conter a seguinte información:

MEMORIA DO INVESTIMENTO A SUBVENCIONAR

As entidades solicitantes presentarán unha **memoria explicativa do investimento para a que se solicita subvención**:

Descrición do investimento que se vai realizar, para os efectos de comprobar que é subvencionable nesta convocatoria segundo o disposto na base 2 da parte específica.

- **Nome do proxecto** e relación enumerada e detallada dos investimentos que se van desenvolver e para os que se solicita subvención.
- **Explicación da necesidade do investimento** (para que actividades se precisa, que tipo de proxectos se queren facen a partir dese investimento ou con él, etc). Xustificación argumentativa do interese do investimento para o desenvolvemento das actividades da entidade e da súa repercusión económica con respecto a recuperación e valoración dos recursos agrarios endóxenos de carácter agrícola, gandeiro e forestal. A vida útil ou tempo de aproveitamento do mesmo. A posibilidade de utilización do investimento por outras entidades da zona.

IMPORTE DA SUBVENCIÓN E ORZAMENTO

A entidades solicitantes presentarán neste apartado:

- 1 O orzamento estimado dos gastos derivados da realización do investimento, desagregado por conceptos.
- 2 O importe da subvención solicitada, que non poderá superar o 80% do orzamento de gastos.
- 3 Unha declaración doutras subvencións ou axudas solicitadas para o mesmo obxecto.

ANEXO II.-Documentación da xustificación

Documentación xeral

- Certificación dos gastos realizados. No caso de entidades públicas beneficiarias, este documento terá o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; nas restantes entidades deberá asinalo conxuntamente a persoa que exerza as funcións financeiras ou de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade respectiva.

(A certificación dos gastos realizados deberá descargarse dende a plataforma SUBTEL logo de ter completada na mesma a "Relación de gastos" cos datos dos xustificantes de gasto).

Deberase ter en conta o seguinte:

Unicamente se admitirán xustificantes de gastos correspondentes a investimentos realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.

No caso de entidades que teñan concedida a prórroga da xustificación, na relación de gastos realizados poderán incluírse gastos realizados con posterioridade ao 31 de decembro de 2023, con data límite do 15 de abril de 2024.

No caso de proxectos subvencionados en anos sucesivos, presentarase unha declaración de que os xustificantes que se achegan son distintos dos da presentados en exercicios anteriores.

No obstante, naqueles casos nos que os gastos fosen realizados no final do período da convocatoria de subvención poderán admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que fosen expedidos ata o día 16 do mes de xaneiro de 2024.

- Relación detallada de todos os ingresos concedidos por outras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos propios afectados o investimento subvencionado, ou, pola contra, declaración de non ter outros ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto. No caso de entidades públicas beneficiarias, este documento deberá ter o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade; no caso de persoas beneficiarias privadas, deberán asinalo as persoas que exerzan a responsabilidade de tesourería e a representación legal da entidade.
- Declaración de non ter pendente de xustificación ningunha outra axuda da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.

- A entidade indicará se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.
- Designación de conta bancaria da entidade no modelo aprobado pola Deputación da Coruña e certificado acreditativo da titularidade da conta emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente. En caso de que estes datos xa consten no ficheiro de terceiros da Deputación, non resultará preciso achegar estes documentos.
- Unha certificación (entidades públicas) ou declaración (persoas privadas) dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida, segundo o formato esixido en cada convocatoria, achegando unha proba documental ao respecto.
- No caso de que o gasto sexa superior a 15.000 € (IVE excluído) no caso da prestación de servizos ou subministracións ou superior a 40.000 € (IVE excluído) nos contratos de obras, nos termos do artigo 31.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, conforme co disposto na Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, deberá achegar os tres orzamentos solicitados, e a motivación da contratación da empresa seleccionada.

Documentación específica

- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación dos investimentos realizados, das persoas usuarias, dos resultados obtidos e das desviacións acaecidas.
- Unha declaración do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera sobre os investimentos e as actividades de promoción económica directamente relacionadas co investimento subvencionado.
- Declaración do acordo de aprobación da factura polo órgano competente da entidade beneficiaria.
- Declaración da inclusión do logotipo da Deputación e uso da lingua galega nos soportes de difusión das actividades subvencionadas e da obriga de incluír en lugar visible e na súa páxina web a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.

Segundo a natureza do investimento, deberán achegar a seguinte documentación:

NO CASO DE EQUIPAMENTO:

- * Certificación da súa recepción, detallando os bens adquiridos e indicando que se incluíron no inventario da entidade.
- * Facturas do investimento, que deberán achegar na relación de gastos.
- * Fotografía do investimento.

NO CASO DE OBRAS:

- * Aurorizacións ou licenzas preceptivas, no seu caso.
- * Proxecto técnico ou memoria valorada cando as normas específicas o requiran.
- * Certificacións de obra subscrita por técnico colexiado competente, no suposto de obra maior.
- * Acta de recepción, identificando as obras realizadas.
- * Facturas do investimento, que deberán achegar na relación de gastos.
- * Fotografía do investimento.

Terceiro .- Dispoñer a publicación das bases deste programa no BOP

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno na próxima sesión que se celebre.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recurrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

A Coruña, 9 de febreiro de 2023

O Presidente,

Valentín González Formoso

O secretario accidental,

Miguel Iglesias Martínez

2023/892